   Para tal fin, xunto co presente oficio achégase copia das respostas recibidas ata a data, que inclúen as Direccións Xerais de Innovación e Xestión da Saúde Pública e de Sostibilidade e Paisaxe, así como a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). No estudo de impacto deberá incluirse un anexo no que se especifique claramente cómo se tiveron en conta as ditas respostas ao longo do estudo.

   De recibirse máis respostas con posterioridade, achegaranse a esa Xefatura Territorial para que lle sexan remitidas ao promotor coa maior brevidade posible e, na medida en que o prazo de remisión o permita, as teña en consideración na redacción do estudo ambiental.

2. Outros aspectos a incluír e ter en conta na elaboración do estudo son os seguintes:

   - No referente ao apartado de descrición do proxecto, o estudo conterá, sen prexuízo dos planos xerais ou de detalle que se estime oportuno incluír, un plano de planta a escala comprendida entre 1:5.000 e 1:10.000 (en función da extensión do parque), dotado de coordenadas UTM e nun máximo de dúas follas, no que se reflictan todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, diferenciando claramente en cores ou grafía distintiva os viais preexistentes dos de nova construción e aqueles a acondicionar, indicando na lenda a lonxitude de cada tipo, así como a das gabias do cableado. Reflictirase asemade a poligonal do parque, a localización da/s zona/s de instalacións de obra e o/s acceso/s ao parque.

     Completarase a información gráfica do proxecto cunha superposición do mesmo sobre ortofotografía aérea.

     Outros datos a incluír neste apartado serían: cronograma de actuacións (obras, explotación e abandono, indicando vida útil), inversión prevista e información básica sobre a infraestrutura de evacuación de enerxía, indicando en qué estado de tramitación administrativa se atopa.

   - O inventario de fauna e vexetación deberá ser exhaustivo, empregará referencias bibliográficas e cartografía actualizadas e virá apoiado por traballo de campo coa maior cobertura anual posible, aportando información cualitativa e cuantitativa. Indicarase o grao de protección legal de cada especie en base á normativa máis actualizada dispoñible á data de elaboración do estudo. Teranse en conta tamén todos os intrumentos de protección ou plans de conservación existentes nese momento para a fauna presente na área do parque.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

galicia

**Rfª: IN661A 2011/11-4**
**SE/sc**

**ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA S.L,**
**Polígono Industrial A Grela, R/ Juan de la Cierva 18,**
**15008 A CORUÑA**

Con xustificante de recepción.

**Asunto:** Estudio de Impacto Ambiental do **PARQUE EÓLICO MESADA.**

Con data de rexistro de saida 1 de febreiro de 2012 remitíuselle informe sobre cualificación e trámite de Avaliación de Impacto Ambiental emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Continuando coa tramitación de dito expediente, comunícaselle que seguindo instruccións da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, deberán presentar o Estudio de Impacto Ambiental no prazo de TRES MESES. No suposto de non recibir contestación no prazo indicado, entenderase que desistiu da súa solicitude e producirase a caducidade do expediente, nos termos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, de 36/11, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

Pontevedra, 27 de febreiro de 2012
A enxeñeira do Servizo de Enerxía e Minas,

Sonia Costa Novoa

XUNTA DE GALICIA · DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA · XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
PONTEVEDRA
27 FEB 2012
Núm. Rexistro 29225
SAIDA

Recibido CC 1-3-12

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO ÚNICO
EDIFICIO ADMTV.O DE PONTEVEDRA
DATA: 30 MAI 2012
Núm. Rexistro.......................Hora:..............
ENTRADA



**XUNTA DE GALICIA**

**DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**

**XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

Adv. Fernández Ladreda, 43

36003 - Pontevedra

A/A Servicio de Energía y Minas

**EXPEDIENTE: IN661A 2011/11-4**

**ASUNTO: Aportación de documentación ambiental expediente tramitación Parque Eólico Mesada, Vila de Cruces (Pontevedra).**

**Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L. (ALDENER GALICIA),** con domicilio en Juan de la Cierva, 18 - polígono industrial A Grela - 15.008 A Coruña y C.I.F. B-70.168.497 representada por D. Félix Núñez Moreno, con D.N.I. 50.165.224-Q

**EXPONE**

- Se recibió el 02/03/2012 comunicación del Servizo de Enerxía e Minas de la Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria solicitando la presentación del Estudio de Impacto Ambiental en el plazo de 3 meses.
- La Dirección Xeral de Industria, Energía e Minas otorgó, mediante Resolución de 14/03/2012, la autorización de modificaciones del proyecto del Parque Eólico Mesada promovido por Aldesa Energías Renovables de Galicia.
- Junto con el Estudio de Impacto Ambiental, se aporta la documentación actualizada del proyecto de ejecución, proyecto sectorial y rbda conforme a las modificaciones autorizadas.
- Se recibió el 23/03/2012 comunicación de la Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria remitiendo el modelo de Declaración Responsable en cumplimiento del art. 44 de la Ley 8/2009.
- Por la presente se adjunta la documentación relacionada para la continuación de la tramitación administrativa del Parque Eólico Mesada.

**SOLICITA**

- La admisión a trámite de la documentación aportada y la continuación del referido expediente administrativo.



Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L. – Juan de la Cierva, 18 - 15008 A Coruña – Telf. 91 381 92 20 – Fax 91 381 78 03

## DOCUMENTACIÓN APORTADA

- Comunicación de 02/03/2012 del Servicio de Energía y Minas de la Jefatura Territorial de la Consejería de Economía e Industria indicando el plazo de presentación del Estudio de Impacto Ambiental.
- Comunicación de 23/03/2012 de la Jefatura Territorial de la Consejería de Economía e Industria remitiendo modelo de Declaración Responsable.
- Declaración responsable en cumplimiento del artículo 44 de la Ley 8/2009, de 22 de diciembre.
- EIA [9 copias CD, 5 papel].
- Proyecto de Ejecución del Parque Eólico Mesada 11 MW suscrito por técnico competente, junto con separatas relacionadas (Concello de Vila de Cruces; Consellería de Medio Ambiente, Transporte e Infraestructuras; Agencia Estatal de Seguridad Aérea; Retegal; Retevision). [4 copias CD, 3 papel].
- Declaración responsable del técnico proyectista D. Jorge Núñez Ares. [3 copias papel].
- Proyecto Sectorial. [3 copias CD + 3 papel].
- RBDA + Parcelarios. [3 copias CD + 3 papel].

En A Coruña, 25 de mayo de 2012

ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA, S.L.

Félix Núñez Moreno

Consejero Delegado



Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L. – Juan de la Cierva, 18 - 15008 A Coruña – Telf. 91 381 92 20 – Fax 91 381 78 03

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo San Lázaro
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

JT/ap

| | | | |
|---|---|---|---|
| **ASUNTO** | **INFORME DE PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN** | **CLAVE** | PE-PO-025-11(1) |
| **PROXECTO** | **PARQUE EÓLICO MESADA** | | |
| **ESPAZO NATURAL** | Ningún. | | |
| **CONCELLO** | Vila de Cruces | **PROVINCIA** | Pontevedra |
| **ORGANISMO SOLICITANTE** | *Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria* | **Ref.:** | IN661A2011/11-4 |
| **PROMOTOR** | ALDESA ENERGÍAS RENOVABLES DE GALICIA, S.L. | **Ref.:** | |

Mediante oficio da *Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra*, de 23 de marzo de 2012, ten entrada nesta unidade administrativa solicitude de informe de conformidade co establecido no *Decreto 442/1990 de avaliación de impacto ambiental para Galicia* e *Real Decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, modificado pola Lei 6/2010, do 24 de marzo.*

A documentación que se entrega para a súa análise preséntase en formato dixital co seguinte título:

- *"Parque eólico Mesada. Vila de Cruces (Pontrevedra). Estudio de Impacto Ambiental. Mayo 2012".*

Con anterioridade, o 15 de febreiro de 2.012, esta Dirección Xeral emitiu unha contestación ás consultas previas en relación a devandito proxecto eólico, dentro do procedemento ambiental (consultas previas á decisión de someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental), a petición do órgano ambiental, *Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental.*

O proxecto obxecto de informe consiste na execución dun parque eólico cunha potencia limitada a 11 MW, no concello de Vila de Cruces (Pontevedra), composto por 3 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada; vieiros de acceso e servizo, gabias do cableado, subestación transformadora e edificio de control.

Os aeroxeradores que formarán o parque distribuiranse na paraxe da Armada.

A zona de afección do Parque Mesada segue sendo a mesma que a citada no estudo preliminar, anque con algunhas variacións baseadas nas propostas realizadas por distintos organismos sobre a proposta preliminar.

En relación aos espazos protexidos o lugar onde se enclava o proxecto previsto segue sen ostentar ningunha figura autonómica ou estatal de protección de Espazos Naturais. Tampouco existen humedais dos recollidos no Inventario Galego de Humedais, nin tampouco árbores ou formacións senlleiras.

100% Ecolóxico

O parque tampouco afectaría a ningunha das zonas incluídas dentro da nova proposta de ampliación da Rede Natura 2000, actualmente en trámite.

En base a esta nova documentación e solicitude efectuada, e trala pertinente solicitude por parte desta *Dirección Xeral*, o *Servizo de Conservación da Natureza* de Pontevedra informa o seguinte:

- Que con data de 10 de xullo de 2012 fan unha visita ao lugar, para comprobar se houbo algunha variación con respecto ao primeiro informe emitido dende ese Servizo de Conservación, e observan que existen variacións baseadas nas propostas realizadas por distintos organismos sobre a proposta preliminar.

- Lembran neste punto que na proposta inicial non ficaba moi claro cal ia ser a estrutura final do parque, polo que no informe preliminar xa se informaba que se debían clarear algúns puntos en concreto (n° de aeroxeradores, superficie a ocupar, superficie e estrutura da SET,...).

- Que a zona de afección do Parque Eólico Mesada segue sendo a mesma que a citada no estudo preliminar, con lixeiras variacións de colocación das estruturas previstas respecto do citado no primeiro documento informado.

- Que sobre o estudo en xeral e os seus compoñentes, dende ese Servizo plantexan o que segue:

  a. No que atinxe ás repoboacións previstas nas distintas fases, pero sobre todo tralo desmantelamento do parque, deberían dirixirse cara a consecución do óptimo climácico da zona.

     Aquí, a introdución de especies exóticas ou competidoras directas das presentes nestes lugares, poderían producir distorsións dificilmente recuperables, polo que é máis recomendable facelo con especies autóctonas que alóctonas.

  b. A elección da alternativa "2", composta por 3 aeroxeradores + SET + Torre anemométrica de 120 m de altura, parécelles axeitada.

  c. No referido ás posibles nacentes de auga que puidera haber na zona, compre se teña un especial coidado. Así, nas fases de construción e desmantelamento especialmente deberanse colocar barreiras xeotextís e balas de palla que freen os sedimentos que se puideran producir.

  d. No que atinxe aos víais compre clarear cal vai ser a lonxitude final definitiva, xa que logo, nalgúns sitios cítase que serán de 1.485 m.l. (915 existentes + 570 novos) mentres que na pax. 10 fálase de 1.075 m.l. (915 existentes + 160 novos).

  e. No que atinxe á fase de abandono e aos Anexos "8" e "9": Plan de restauración en fase de obra e desmantelamento, citan algunhas consideracións:

     - No que atinxe aos impactos, tanto no documento xeral coma no documento de síntese, fálase só das fases de construción e funcionamento, remitíndonos aos anexos 8 (revexetación) e 9 (desmantelamento) para a fase de abandono da

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo San Lázaro
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

explotación do parque. Mais sinalan que unha vez revisados estes anexos, tampouco parece suficiente o sinalado para esta fase, sobre todo se temos en conta que estamos a falar de aeroxeradores de alta potencia cunha torre composta formigón-aceiro de 120 m de altura, que na súa estrutura combina a góndola colocada sobre unha torre cunha base composta de formigón-aceiro (82 m de altura de formigón + 35,8 m de altura de estrutura metálica), os que habería que engadirlle 128 m do diámetro do rotor.

- Isto suporía que na fase de desmantelamento non só se trataría da retirada mediante guindastre da parte metálica, senón que habería que retirar a base de formigón. Esta non poderá ser voada nin derruída, posto que suporía a posta na atmósfera dunha grande cantidade de material en suspensión. Por isto, esta parte deberá ser cortada e retirada por placas, o igual que ocorre na súa construción. E isto debería ser tido en conta nos impactos producidos na fase de abandono, cousa que non ocorre en todo o documento (nin no principal, nin nos anexos correspondentes).

f. A fase de desmantelamento é moi importante e deberán contemplarse, polo menos, as seguintes accións:

- Extracción na súa totalidade da cimentación dos aeroxeardores, non só dos primeiros centímetros para unha posterior revexetación por riba. Sinalan que se isto ocorrese, e dada a situación dos aeroxeradores e as súas estruturas sobre cordais montañosos, as primeiras chuvias e ventos arrastraría esa lixeira capa de revexetación deixando ao ar as cimentacións cos seus restos. Polo tanto é necesario se desenvolva a retirada completa de tódolos residuos xerados (Formigón, Ferralla, Plásticos, ... ) e cubrilos.
- Extracción na súa totalidade do material soterrado nas gabias, non só o material valorizable máis valioso, deixando os refugallos sen valor pero que seguen a ser potencialmente contaminantes (formigón, ferralla, plástico engurrado, ... ), podendo utilizar o material de recheo (area, xabre, etc) coma base da posterior revexetación.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA ... DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Consideran que o axeitado é a retirada total de tódolos restos, e dicir, retirar o total da cimentación aínda que isto leve aparellado voaduras, uso de maquinaria pesada, etc., xa que logo, isto tamén ocorrería na fase de construción e non por iso se paraliza a obra.

A tipoloxía dos restos soterrados é bastante agresiva co medio, xa que se trataría principalmente de plásticos engurrados, moi resistentes e de lenta degradación co que aumenta a súa influencia no tempo. Todos estes materiais degradarían co tempo afectando ao medio. O mesmo ocorre coa cimentación dos aeroxeradores compostas basicamente por formigón e ferralla.

Para as gabias, o seu desmantelamento sería máis doado que a implantación, posto que se podería facer mediante retroexcavadora con retirada do material e tapado co material sobrante mais revexetación. Só habería que retirar parte do material soterrado (plásticos, metais, formigóns, ... ), mentres que o resto de material de recheo se podería deixar (area, xabre, graba, ... ).

100% Ecolóxico

Sinalan ademais que, si tódolos parque eólicos fixeran o mesmo, en vinte anos obteríanse montes inzados de restos de formigón, ferralla, plásticos e metais de cableado debidamente cubertos por unha capa vexetal pero que tería os mesmos efectos non desexados a tan só uns poucos cm de fondo.

Débese tratar a fase de desmantelamento coma unha fase máis dentro da vida dun P.E. e, polo tanto, débese ter en conta coma un custe máis dentro dos orzamentos para a explotación do mesmo.

g. No que atinxe ás obras de drenaxe, parecen axeitadas as medidas propostas na maioría dos casos, mais é imprescindible ter en conta a necesidade de mantelos en bo estado non só durante a fase de construción, senón tamén durante a de explotación e abandono. Se isto no ocorrese poderían producirse asolagamentos e posteriores desbordes con arrastres de sedimentos.

   Lembran tamén que as cunetas propostas de 0,7 m x 0,3 m semellan pequenas para o réxime pluviométrico da zona, polo que se propón aumentalos ata os 1 m x 0,5 m para darlle saída as augas nos meses de máxima pluviosidade.

   Tamén é necesario colocar nalgúns casos, nas saídas das obras de paso de auga por baixo dos viais, de difusores de enerxía ou deflectores, sobre todo nos lugares que puideran afectar á bacía do río Deva pola súa pendente.

h. Finalmente, e coma condicionantes máis xenéricos, propoñen que se considere o seguinte:

   - Calquera tipo de voadura realizarase de forma controlada e con técnicas de tapado que evite dispersión do pó no aire.
   - No referido ás cortas de vexetación, haberase estar ao disposto na lexislación. No caso dese Servizo, haberase respectar o contemplado na Lei de Pesca Fluvial polo que será necesario solicitar o correspondente permiso de corta.
   - Os restos xerados tralas cortas deberanse retirar axeitadamente e non depositar estes en beiras ou noiros, de tal xeito que se poidan ver afectados nacentes e cursos fluviais.
   - Compre que as obras a realizar, na fase de construción e desmantelamento, se fagan evitando os lugares e períodos de cría.

XUNTA DE GALICIA * XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

- Conclúen sinalando que dende ese Servizo, salvo o citado no apartado anterior, non existe ningunha proposta nova de modificación do estudo.

  De calquera xeito, destacan que na DIA debería lembrarse que en todo momento se adoptarán unhas boas prácticas medioambientais, tal que as sinaladas no informe realizado sobre o documento inicial.

  Rematan sinalando que á vista do exposto anteriormente, dende o ámbito de aplicación da lexislación de conservación, a DIA debería contemplar as consideracións efectuadas, e dun xeito especial as referidas á retirada de restos na fase de desmantelamento.

100% Ecolóxico

Finalmente, á vista da documentación presentada, da información contida no expediente aberto ao respecto, e do informe evacuado polo *Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra,* estímase que para garantir a integración medioambiental do proxecto deberán considerarse as cuestións sinaladas por estes, as medidas recollidas na documentación ambiental, e por ende unha boa práctica medioambiental, dentro das que se terán como guía as consideracións expostas durante a contestación ás consultas previas.

Non obstante o anterior merece consideración independente aspectos relativos á avifauna e aos quirópteros, dada a especial sensibilidade destes grupos faunísticos aos potenciais efectos perxudiciais que os parques eólicos poden inducir sobre eles. Así, á vista das recomendacións do "Estudio do efecto dos parques eólicos sobre a avifauna en Galicia e plan de minimización do impacto", realizado por esta Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e habida conta da dificultade existente para estimar os impactos que se causarán sobre as aves e os morcegos durante a fase de funcionamento, considerase necesario establecer unha metodoloxía estandarizada a tódolos parque eólicos para a formulación do plan de vixilancia ambiental no que se refire ao coñecemento do impacto real que se producirá sobre as poboacións de aves e quirópteros. Neste sentido, acompañase como anexo a este informe o "Prego de condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortandade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación".

Emítese o presente informe dentro do ámbito competencial desta Dirección Xeral, así como en base ó procedemento no que se integra a súa solicitude; evacúase, polo tanto, sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións, ditamines e/ou informes que sexan precisos, debendo cumprir o establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio, D.O.T., e no resto da lexislación que lle sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2.012.

O XEFE DO SERVIZO DE ANÁLISE DE PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Asdo.- Javier Turrillo Montiel.

VºBº
O SUBDIRECTOR XERAL DE ESPACIOS NATURAIS E BIODIVERSIDADE

Asdo. Rogelio Fernández Díaz.

100% Ecolóxico

# ANEXO

**Prego de condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortandade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación.**

As condicións expostas a continuación refírense exclusivamente ao relativo ao control da mortandade de aves e quirópteros por colisión contra os aeroxeradores durante a fase de explotación e teñen o carácter de mínimos.

No que se refire a este tipo de impacto, os plans de vixilancia ambiental terán por obxecto os seguintes fins:

1) Coñecer o impacto real do proxecto autorizado,
2) Establecer medidas correctoras no caso de que se produzan impactos significativos, e
3) Fixar unas directrices mínimas, facilmente repetibles e que aporten información homoxénea.

Os planes de vixilancia ambiental terán o seguinte contido:

a) Un calendario de visitas a partir do inicio da fase de explotación durante os tres primeiros anos.

Durante esta fase se programará unha visita a cada maquina cada 15 días por termo medio, en ningún caso separadas mas de 30 días.

O obxecto é cuantificar a mortandade total producida por cada unha das máquinas, identificando si existen patróns temporais e/ou estruturais sobre a mortandade de aves ou morcegos (aeroxeradores especialmente conflitivos, coincidencia das incidencias con períodos de relevancia biolóxica para as especies, etc.).

b) Un calendario de visitas a partir do cuarto ano e ata o final da fase de explotación de control.

Unha vez superada a primeira fase, deberíanse establecer as medidas correctoras oportunas para evitar os impactos non compatibles. En consecuencia, a partir dese momento a mortandade debería ser baixa e se podería reducir o esforzo na vixilancia.

Durante este segundo período, cada ano deberase facer polo menos unha inspección de tódolos aeroxeradores naquela época do ciclo anual na que maior mortandade se detectase durante a primeira fase.

A maiores desta inspección, se programarán outras visitas ao longo do ano, de forma que se inspeccione cada máquina outras 3 veces máis.

O calendario da segunda fase será estable ao longo dos anos ao obxecto de poder comparar a evolución da mortandade.

c) Unha definición do método de búsqueda de cadáveres.

XUNTA DE GALICIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

100% Ecolóxico

A unidade de mostreo será un circulo de diámetro igual a un 110% o diametro do rotor, arredor da base da torre. Para identificar facilmente cada aeroxerador, as torres deberían ter rotulado no pé un código identificativo.

As búsquedas deberán levarse a cabo por observadores expertos ou/e entrenados previamente ao inicio do plan. Aconséllase empregar cans adestrados dado que teñen unha taxa de detección moito máis alta e os tempos invertidos en cada inspección son notablemente menores, o que supón unha mellor avaliación do impacto e unha economía de medios.

En calquera caso, deberá garantirse que a taxa de detección dos equipos (para aves do tamaño dun paspallás) é superior ao 65%, deixando ao promotor a decisión de como acadar esta cifra (varios factores inflúen en esta capacidade: número de persoas, uso de cans, tempos empregados, cobertura vexetal, ...).

En caso de que a vexetación situada dentro da superficie de mostreo impida acadar esta cifra de detectabilidade, deberían facerse desbroces.

d) O cálculo da taxa de desaparición de cadáveres.

Levarase a cabo un estudio dentro das superficies de mostreo que avalíe a taxa de desaparición de cadáveres debida á acción dos carroñeiros.

Calcularanse tres taxas de desaparición de cadáveres: unha para aves grandes (tipo faisán), outra para aves de tamaño medio (tipo paspallás) e unha terceira para aves de pequeno tamaño e morcegos.

Estes estudos deberán ter en conta no seu deseño as diferenzas estacionais nos hábitats de localización dos proxectos eólicos, sobre todo se as condicións ambientais difiren moito en distintas datas do ano.

Realizarase un estudo ao inicio da fase de explotación, outro no cuarto ano e, a partir deste, cada 5 anos dado que as condiciones ambientais e as poboacións de carroñeiros son variables ao longo do tempo.

e) O cálculo da mortandade real.

A mortandade real calcularase para cada aeroxerador e para o conxunto de máquinas, a partir dos datos de mortandade atopados para cada especie, a taxa de detección dos equipos e as taxas de desaparición de cadáveres.

Os modelos matemáticos empregados para este cálculo estarán validados cientificamente. En calquera caso aportaranse os datos de mortandade empregando algunha das fórmulas propostas por:

- Huso, M. 2010: An estimator of wildlife fatality from observed carcasses. Environmetrics 22: 318-329.

XUNTA DE GALICIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

100% Ecolóxico

- Franzi Korner-Nievergelt, Pius Korner-Nievergelt, Oliver Behr, Ivo Niermann, Robert Brinkmann & Barbara Hellriegel. 2011: A new method to determine bird and bat fatality at wind energy turbines from carcass searches. Wildlife Biology 17: 350-363.

f) Un calendario de informes.

Durante os tres primeiros anos de aplicación do plan de vixilancia ambiental, presentarase un informe semestral cos seguintes contidos:

1) Un resumo inicial do período ao que se refira o informe que permita coñecer rapidamente (para cada maquina e en conxunto) as especies e o número de cadáveres atopados, a súa categoría nos catálogos de especies ameazadas, as xornadas invertidas, os índices de detección e depredación e a mortandade total estimada.

2) Un apartado dedicado a mostrar os albores de alerta e críticos establecidos, sinalando se se superou algún e a causa. Tamén indicaranse as medidas correctoras aplicadas.

3) Un capítulo de antecedentes no que se resuman os resultados de tódolos informes semestrais anteriores. Esta información deberá incluír, ademáis das variables mencionadas no primeiro punto, táboas e gráficos que permitan unha comprensión rápida da información. Entre elas unha táboa da mortandade directa histórica coa denominación de cada aeroxerador, a súa coordenada UTM precisa, as especies accidentadas e as datas das observacións.

4) Descrición detallada da metodoloxía e técnicas de seguimento, incluíndo como mínimo, as datas de realización, técnicas de prospección, superficie e tempo de búsqueda, periodicidade entre xornadas, aeroxeradores revisados por visita, e o nome e cualificación das persoas que executaron os traballos.

5) Táboa coas especies atopadas mortas, o número de exemplares, a data da observación, a localización UTM e o aeroxerador ou infraestrutura concreta que produxo a morte.

6) Un apartado que detalle o estudio no que se atoparon as taxas de detectabilidade por parte dos observadores e as taxas de desaparición de cadáveres. Este incluirá polo menos, o número e tipo de reclamos empregados, as datas dos experimentos, a periodicidade de visita aos cadáveres e a fórmula empregada para a estimación da mortandade.

XUNTA DE GALICIA * XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

7) Táboa co número de exemplares atopados mortos e exemplares estimados mortos en base ás taxas de desaparición e detectabilidade, diferenciando aves de pequeno, mediano e grande tamaño, así como morcegos.

A partires do cuarto ano, os informes semestrais pasarán a ser anuais, presentándose a continuación da inspección anual de tódolos aeroxeradores a que se fai referencia no apartado b).

g) Informes extraordinarios.

100% Ecolóxico

Cada vez que se supere un albor de alerta ou crítico, presentarase un informe á Dirección Xeral de Conservación da Naturaleza dando conta do feito concreto que sucedera. A este informe incorporarase unha proposta concreta para correxir o impacto e evitar que volva a acontecer no sucesivo.

h) Unha identificación clara dos umbrais de alerta e críticos.

Entendese por "albor crítico" aquel valor da taxa de mortandade observada nun parque eólico que se considera inaceptable. Cada especie terá o seu propio albor crítico.

Por taxa de mortandade observada entenderase o número total de cadáveres observados dunha especie durante os últimos 3 anos de funcionamento do parque eólico.

Posto que o estado de conservación das especies é variable no tempo, defínese o albor crítico para cada unha das especies de aves e quirópteros de presenza habitual en Galicia do seguinte modo:

- O 1 % da poboación galega, si a especie non está incluída nin no Catálogo galego de especies ameazadas nin no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial.
- O 0,1 % da poboación galega, se a especie non está incluída no Catálogo galego de especies ameazadas pero si figura no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial.
- O 0,01 % da poboación galega, se la especie esta incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.
- En calquera caso, sempre será un valor igual ou superior a 2.

Por poboación galega entenderase o dato máis actualizado de que se dispoña sempre que este suficientemente avalado cientificamente. Se non existe o dato, tomarase o valor de 2 cadáveres como albor crítico.

O "albor de alerta" é aquel valor da taxa de mortandade observada que permite implementar medidas correctoras do impacto antes de acadar o albor crítico.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Establecese o albor de alerta no 50% del albor crítico.

i) Procedemento a seguir en caso de superar un albor de alerta.

En canto se coñeza que se superou un albor de alerta, porase este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Conservacion da Natureza.

Durante o ano seguinte, farase un censo da poboación da aves ou quirópteros afectados na superficie arredor do parque eólico que sexa maior entre as dúas seguintes:

- Terreos situados a menos de 2 Km dos aeroxeradores.

100% Ecolóxico

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

Edificio Administrativo San Lázaro
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

- Espazo arredor dos aeroxeradores que é cubierto por 2 veces área de campeo medio da especie na zona de estudio.

Durante os 3 anos seguintes á alerta, establecerase un calendario de visitas aos aeroxeradores igual ao descrito na letra a).

O promotor tomará ao cabo dun ano todas aquelas medidas que considere necesarias para non acadar o albor crítico e as porá en coñecemento da Dirección Xeneral de Conservación da Natureza, xunto cos datos do censo.

j) Procedemento a seguir en caso de superar un albor crítico.

En cuanto se coñeza que se superou un albor crítico, porase este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Repetirase o censo da poboación especificado na letra anterior e establecerase o calendario de visitas aos aeroxeradores durante outros 3 anos.

De forma cautelar deixaran de funcionar aqueles aeroxeradores que provocasen tódalas mortes polas que se supera o albor crítico.

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza, previos os estudos que considere necesarios, establecerá todas aquelas medidas que crea necesarias para lograr que as taxas de mortandade se manteñan por debaixo do albor de alerta, as cales serán de obrigado cumprimento para o titular do parque eólico.

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

100% Ecolóxico